

NOITE DE POLAVILA

Na miña memoria a noite era o comezo do lecer. Non tiña cores marabillosas, árbores exóticas, solpores laranxas, nin promesas de sabores exquisitos.

A noite sabía a pan centeo, a leite morno, e ulía a fume.

A electricidade non entrara en todas as casas, as chamas amareliñas e azuis dos candís alumeaban os fogares máis humildes.

Despois dun duro día de traballo a xente furtáballes horas ao sono para reunirse arredor da lareira a falar; as cociñas eran o seu lugar social, onde os homes xogaban á baralla, as mulleres fiaban, os nenos brincaban, o gato arrimábase ao lume perigosamente, e o can gardaba a casa.

Algunha noite, cando o cansazo non nos derrotaba íamos de polavila, que consistía en ir a escoitar á casa grande a única radio que había na aldea; aínda que coido que o motivo principal daquelas xuntanzas era falar uns cos outros, de escoitarse, de mirarse, un fermoso costume que está a piques de desaparecer.

Os nenos e as nenas aproveitabamos para xogar, xa que polo día, ademais de ir á escola, desempeñábamnos as faenas mais doadas; ir coas vacas, desviar a auga dos regos, recoller garabullos no monte e nalgunha ocasión, se era necesario, axudabamos a botar a terra nos sucos onde sementaban as patacas, cando conseguín que me permitisen ir detrás do arado souben que era merecente de ser verdadeiramente unha nena de aldea, non unha nena transplantada da cidade.

Era por fin “unha máis”, isto supuxo para min alcanzar un grande obxectivo e un motivo máis de felicidade.

Eu tiven a sorte de vivir esta experiencia máxica na casa dunha tía, unha muller forte coma un carballo que quedara viúva moi nova e criara soa catro fillos. Acolleume como unha filla máis; vivín con ela e cos meus curmáns xa adultos catro anos por causas sen determinar, que francamente nunca me importaron. Só podo dicir que foi unha época de plenitude total.

A escaseza levábase con dignidade e coa axuda dos viciños, tiñan mala sona aqueles que por preguiza ou por cobiza se negaban a axudar.

De cando en vez roubámoslle á noite unhas horas de descanso para compartir experiencias e contos de ánimas e de lobos. Todos eran bos contadores. Había quen conseguía poñernos medo cos “aparecidos”, sobor de todo aos nenos.

No aire soaba unha radio que ninguén escoitaba, aínda que supostamente ese era o motivo da polavila, máis agora sei que o principal era estar xuntos.

A radio seguía soando. De súpeto unha voz avisaba:
-Escoitade, canta Molina!

Todo se paraba; as voces, os fusos e as rocas, a man que ía colgar o pote da gramalleira quedaba pendurada no aire, un home pechaba a navalla, non se escoitaba o zumbido das moscas nin o muxido das vacas. Os nenos e as nenas deixaban de brincar.

Ó rematar o canto, a gabanza era unánime.
-Non hai outro coma il!

Despois volvía cada un ao seu: unha man experta sacaba la da roca, o fuso fiaba, a man que quedara pendurada no ar colgaba o pote da gramalleira, o home da navalla sacáballe punta a unha aguillada, seguía a partida de cartas, retomábanse as conversas, as moscas zumbaban, as vacas muxían e os nenos brincaban.

Entón alguén contaba unha nova historia, e as ánimas e os lobos voltaban.